



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE EMPLEO  
Y SEGURIDAD SOCIAL

SECRETARÍA DE ESTADO  
DE LA SEGURIDAD SOCIAL

DIRECCIÓN GENERAL  
DE ORDENACIÓN  
DE LA SEGURIDAD SOCIAL



Manual básico de Prevención de Riscos Laborais

**SECTOR QUÍMICO**



**Diseño e realización:**  
HT Publicidad, Grupo Tafalla  
[www.htgrupotafalla.com](http://www.htgrupotafalla.com)

## Presentación

As institucións competentes en materia de seguridade e saúde no traballo, entre as que se atopa o Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT), asumiron, entre os seus obxectivos principais, o impulso e a consolidación da cultura preventiva na sociedade española.

A integración da seguridade e saúde no traballo na educación é unha necesidade prioritaria para poder asentar unha auténtica cultura preventiva. É preciso tomar conciencia de que a prevención non comeza no ámbito laboral senón nas etapas anteriores, nomeadamente no sistema educativo.

A integración da formación en prevención de riscos nas diferentes etapas do sistema educativo, e en particular no nivel profesional regulado, é clave e require dun apoio e asistencia especiais de cara a conseguir profesionais cunha formación que, ademais de garantir a calidade do seu traballo, lles permita realizalo coas máximas garantías de seguridade.

Por todo isto, unha liña de actuación moi importante do Plan de Acción 2015-2016, no marco da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2015-2020, consiste en consolidar a integración da formación en prevención de riscos laborais nas diferentes etapas do sistema educativo.

Desta liña de actuación derívase a elaboración de 26 manuais divulgativos, un por cada familia profesional, cuxa misión fundamental é a de axudar o profesorado de formación profesional no seu labor de concienciación e sensibilización na materia de prevención de riscos laborais aos seus alumnos, futuros traballadores e empresarios da nosa sociedade.

Dado que van dirixidos a este colectivo, preténdese que os manuais sexan eminentemente prácticos e atractivos. Cada un deles contempla os riscos máis característicos da familia profesional en cuestión e as medidas preventivas máis importantes que se deben poñer en práctica para a súa prevención.

O obxectivo que se persegue con estes manuais é que os alumnos, traballadores do futuro, incorporen de xeito natural a prevención á súa actividade diaria.

Neste contexto, queremos remarcar que para sensibilizar e garantir unha adecuada aplicación da prevención en riscos laborais nas empresas é importante avanzar na mellora da calidade da formación, e fomentar a actualización e adecuación dos programas e contidos formativos á realidade do contorno.

**María Dolores Limón Tamés**

Directora do INSHT

---

## Química

---

A industria química baséase en modificar a estrutura química dos materiais naturais co fin de obter unha gama moi ampla de produtos (desde pesticidas, pinturas ou vernices ata explosivos ou fibras artificiais e sintéticas) para o uso na industria ou para a vida cotiá.

A pesar da perigosidade propia da industria química, a maior parte dos accidentes son debidos a riscos xerais (caídas, choques ou golpes, proxección de partículas e salpicaduras, contactos eléctricos, incendios e explosións), e considéranse como específicos aqueles que se producen como consecuencia das propiedades e características dos produtos que se utilizan e pola súa manipulación, almacenamento ou transporte.

**Neste sector agrúpanse os traballadores de empresas dedicadas ás seguintes actividades:**

- Fabricación de produtos químicos básicos
- Fabricación de pesticidas e outros produtos agroquímicos
- Fabricación de pinturas, vernices, lacas e tintas
- Fabricación de plásticos, resinas e fibras sintéticas e celulósicas
- Fabricación de produtos farmacéuticos
- Fabricación de deterxentes e xabóns, perfumes e cosméticos
- Traballos en laboratorios

**Os traballadores expostos son, entre outros:**

- Técnicos-auxiliares-analistas de laboratorio
- Operadores de máquinas e equipos específicos
- Farmacéuticos



---


---

**Os principais equipos empregados con riscos asociados son os seguintes:**

- Máquinas e equipos específicos
- Centrifugadoras e axitadores
- Mesturadores e trituradoras
- Destiladoras e filtros
- Reactores
- Fornos, muflas e estufas
- Extrusoras
- Equipos de polimerización
- Equipos de laboratorio

*O presente manual recolle os riscos e medidas de prevención tanto xerais como específicas máis relevantes asociados a este sector dunha maneira orientativa. Sempre se deben seguir as medidas preventivas previstas na planificación preventiva e nas instrucións do empresario.*

*O seu obxectivo é axudarche a tomar as medidas adecuadas para realizares o traballo dunha maneira segura.*



## Riscos laborais en química

### **RISCOS DE SEGURIDADE**

- Riscos de caída de persoas
  - Caída ao mesmo nivel
  - Caída a distinto nivel
- Risco de golpes e choques
- Risco de atrapamento
- Riscos de caída de obxectos
- Risco de proxección de partículas
- Risco de salpicaduras
- Risco eléctrico
- Risco de incendio
- Risco de explosión
- Riscos de corte

### **RISCOS HIXIÉNICOS**

- Exposición a substancias tóxicas, irritantes ou corrosivas
- Exposición dérmica a substancias químicas perigosas
- Exposición a axentes canceríxenos
- Exposición a axentes biolóxicos
- Exposición a radiacións
- Exposición ao ruído

### **RISCOS ERGONÓMICOS**

- Manipulación manual de cargas
- Forzas e movementos repetitivos
- Traballos de pé

### **RISCOS PSICOSOCIAIS**



**Riscos e  
Medidas Preventivas**

## Riscos de seguridade

*Un tropezón producido polo mal estado do chan ou un esvarón producido polos restos de produtos non recollidos poden producirche lesións complicadas e duradeiras*

### CAÍDA AO MESMO NIVEL

- Mantén as zonas de paso despexadas e perfectamente iluminadas.
- Se hai obxectos que non poden ser eliminados, sinalízaos.
- Para evitar tropezóns, elimina a sucidade, papeis, po, derramos e lixo da zona de traballo.
- Limpa derramos ou goteos de líquidos de maneira inmediata, especialmente en zonas de paso.
- Os obxectos innecesarios como envases e ferramentas que non se están utilizando, deben ser retirados.
- Ten coidado de non dificultar a visión ao transportar cargas.
- Utiliza calzado apropiado con sola antiesvarante e asegúrate de que levas os cordóns debidamente amalloados.
- Non corras, camiña amodo.



### DERRAMAMENTOS E PRESENZA DE LÍQUIDOS


- Se estás no laboratorio traballando con líquidos e vertes un líquido co que estás traballando, límpao inmediatamente para que non esvare o teu compañeiro ou ti mesmo.
- Ao fregar o chan avisa de que está mollado colocando o sinal indicador. Evita pasar ata que non estea seco.



Ademais das medidas anteriores, ten en conta o risco derivado do uso de escaleiras de man. Para previr este tipo de risco:

### CAÍDA A DISTINTO NIVEL

- Cando uses escaleira de man, asegúrate de que teñen apoios antiesvarantes e presta atención ao ángulo de colocación e á forma de utilización.
- Ás escaleiras de man hai que subir con precaución, situarse fronte a elas e agarrarse coas dúas mans.
- Cando baixes ou subas da maquinaria (carretillas), usa os chanzos e non saltes.
- Asegúrate de que a iluminación é adecuada.



---

## Riscos de seguridade

---

### RISCO DE GOLPES E CHOQUES

---

*Poden producirse como consecuencia dunha falta de visibilidade.*


- O centro de traballo debe manterse limpo e ordenado.
- Quita os obstáculos das vías de circulación.
- Asegúrate de que a iluminación é axeitada e, se é necesario, avisa ao responsábel para que coloque novos puntos de luz.

### RISCO DE ATRAPAMENTO

---

*Producido entre os elementos fixos do contorno de traballo.*

- Usa a maquinaria só despois de recibir información sobre os seus perigos, manexo e limpeza.
- Sigue as normas de seguridade indicadas polo fabricante.
- Non retires os resgardos ou os dispositivos de seguridade das máquinas.
- Utiliza os equipos de protección individual (EPI) con marcado CE, que sexan necesarios en cada operación e mantenos en condicións adecuadas de uso.
- Leva roupa de traballo axustada ao corpo, e evita o uso de pulseiras, cadeas ou outros obxectos que poidan engancharse nas máquinas.
- As operacións de mantemento deben facerse coas máquinas paradas e só polo persoal autorizado.
- Asegúrate de que os dispositivos de bloqueo e seguridade das máquinas pasaron a revisión periódica correspondente.



---


---

## RISCO DE CAÍDA DE OBJECTOS

---

*Se a estrutura na que están os obxectos/materiais aloxados perde a súa estabilidade, poden caer. Ten coidado cando manipules os utensilios de traballo. Colócaos nos lugares adecuados cando non os uses.*

- Asegúrate de que a carga estea ben colocada.
- Non movas rapidamente unha carga suspendida no aire, e asegúrate de que o equipo que utilizas para levantar a carga pode facelo.
- Non superes a capacidade de carga dos estantes.
- Non te sitúes debaixo de cargas suspendidas no aire.
- Suxeita ou asegura os estantes ao chan ou á parede, e coloca as cargas máis pesadas nos andeis de abaixo.
- Asegúrate de que se realizou o mantemento periódico aos equipos de traballo (carretillas, transpalés).



## Riscos de seguridade

### RISCO DE PROYECCIÓN DE PARTÍCULAS

*Ao empregar os equipos e produtos de traballo, poden desprenderse pequenas partículas de material ou fragmentos de pezas, e producir, por exemplo, lesións oculares.*

- Revisa que os equipos de protección colectiva (cubertas e pantallas) dos equipos de traballo estean en boas condicións.
- Asegúrate de que hai pantallas protectoras entre o equipo cortante manual e ti antes de usalo.

### RISCO DE SALPICADURAS

*Debes prestar atención cando manipules produtos químicos porque unha simple vertedura de parte do produto nun recipiente pode producir unha salpicadura na pel provocándote queimaduras.*

- Usa bombas manuais cando transvases líquidos perigosos.
- Asegúrate de que as duchas de emerxencia e lavaollos están cerca de onde se realicen operacións de transvasamento con líquidos perigosos, e de que funcionan correctamente.
- Utiliza os equipos de protección individual, con marcado CE, para lavar os equipos contaminados e para realizar calquera operación que así o requira (ex.: lentes de seguridade ou máscaras protectoras).



---


---

## RISCO ELÉCTRICO

---

*Producido por contactos eléctricos indirectos con partes dos equipos postos accidentalmente en tensión, como consecuencia de avarías ou fallos no cadro eléctrico.*

- Comproba diariamente o estado de cables, enchufes e aparatos eléctricos.
- Asegúrate de que os sistemas de posta a terra están en combinación con interruptores diferenciais e magnetotérmico.
- Evita o uso de ladróns en enchufes de corrente.
- Non vertas líquidos cerca de tomas de corrente, aparellos ou cadros eléctricos.
- En caso de avaría, desconecta a tensión, saca o enchufe e comunica os danos para a súa reparación.
- Utiliza equipos con dobre illamento en ambientes con presenza de auga.
- Non poñas obstáculos diante do interruptor principal para que sexa totalmente accesíbel.
- Asegúrate de que o cadro eléctrico está pechado e que o perigo eléctrico está debidamente sinalizado.
- Lembra que debes extremar as precaucións cando esteas traballando no contorno das resistencias que complementan o proceso de cocción.



---

## Riscos de seguridade


---

### RISCO DE INCENDIO

---

*Pode ser producido por diferentes motivos como o uso de materiais inflamábeis ou polas instalacións eléctricas.*

- Dispón só da cantidade necesaria de materiais inflamábeis e combustíbeis para o traballo do día. O resto estará no almacén ou en locais independentes, illados e ventilados.
- Retira as caixas, envases e papeis, que non sexan necesarios.
- Transvasa as substancias perigosas lentamente, evita as proxeccións e pulverizacións e enche os recipientes polo fondo.
- Non utilices roupa de traballo de fibras acrílicas, usa roupa de algodón e calzado condutor.
- Está prohibido fumar dentro do recinto de traballo.
- Realiza revisións periódicas das instalacións eléctricas e mantenas illadas e protexidas.
- Coñece a utilización dos extintores de incendios adecuados ao tipo de lume.
- Coñece os carteis expostos con plano de localización e o procedemento de evacuación.
- Deixa libres as saídas de emerxencia.



---


---

## RIESGO DE EXPLOSIÓN

---

*Ten especial coidado cando manexes produtos altamente inflamábeis e procura que non haxa unha fonte de ignición cerca que poida provocar un accidente de consecuencias graves.*

- Utiliza a extracción localizada para evitar a concentración de pos, resinas e fibras en suspensión.
- Comproba a hermeticidade dos condutos de gases.
- Sitúa as bombonas ou caldeiras de gases en locais independentes no exterior, ben ventilados, pechados e sinalizados.
- Asegúrate de que os tanques de almacenamento de combustíbeis inflamábeis están debidamente sinalizados e non presentan ningunha fisura ou desperfecto.
- Revisa que os circuitos de distribución e vaporizadores están en boas condicións e foron revisados.



---

## Riscos de seguridade


---

### RISCO DE CORTE

---

*O uso de guantes na manipulación de material cortante no laboratorio ás veces pode ser insuficiente para a protección deste risco fronte ao material cortante, deteriorado ou roto. Ten en conta as seguintes recomendacións:*

- Elimina calquera material de vidro que presente algún tipo de defecto como fisura, irregularidade ou borde cortante.
- Non almacenes o material de vidro en estantes altos ou de acceso difícil.
- Recolle o material de vidro roto coas proteccións adecuadas e nunca coa man, e depositao en envases e colectores ríxidos correctamente identificados.
- Garda as ferramentas cortantes en fundas e/ou soportes adecuados.
- Utiliza os equipos de protección individual (EPI) con marcado CE, que sexan necesarios en cada operación e mantenos en condicións adecuadas de uso.





---

## Riscos hixiánicos


---

*A exposición continuada a diferentes axentes externos pode provocar trastornos que son evitábeis se consideras as medidas preventivas necesarias.*

### EXPOSICIÓN A SUBSTANCIAS TÓXICAS, IRRITANTES OU CORROSIVAS

*O uso habitual de produtos químicos e os procesos de transformación de compostos para novos produtos químicos (ex.: pinturas, perfumes, pesticidas...), fan que a exposición a este risco sexa maior que para outros riscos. Extrema a precaución e ten en conta as seguintes medidas de prevención.*

- Mantén unha ventilación adecuada do lugar de traballo, natural ou forzada.
- Cando realices operacións de transvase, utiliza extracción localizada e sistemas pechados para diminuír a posíbel liberación de contaminantes.
- Se detectas que a extracción non é suficiente ou que os filtros dos ventiladores poden estar obstruídos, revísaos e avisa o teu responsábel. Revisa que os recipientes estean fechados hermeticamente.
- No caso de aparición de vapores orgánicos nocivos desprendidos no traballo, evita a súa respiración e avisa inmediatamente o teu responsábel.
- Realiza as tarefas de limpeza en locais ben ventilados e non mestures produtos que poidan provocar gases nocivos.
- Asegúrate de que os controis periódicos ambientais se realizan e son correctos.
- Utiliza equipos de respiración de protección individual, con marcado CE, se non podes utilizar a extracción localizada ou é insuficiente.



## Riscos hixiánicos

### EXPOSICIÓN DÉRMICA A SUBSTANCIAS QUÍMICAS PERIGOSAS

*Existe a posibilidade de que no traslado de material do estante á mesa de traballo que conteña unha substancia química perigosa, ou que presente unha pequena fisura ou fenda podendo perder parte desa substancia e entrar en contacto coa pel ao collelo.*

- Transporta envases de vidro en colectores de protección e en cantidades pequenas (2 litros para substancias corrosivas e tóxicas e 4 litros para substancias inflamábeis).
- Comproba o estado dos envases de plástico antes de usalos e evita poñelos ao sol.
- Sempre que poidas, emprega envases metálicos.
- Pon luvas cada vez que manipules estas substancias, aínda que penses que o envase está ben pechado ou conservado.



---

---

## EXPOSICIÓN A AXENTES CANCERÍXENOS

---

*O benceno é unha substancia que se utiliza en moitos procesos da industria química e é un claro exemplo de que se debe levar un control especial sobre este tipo de substancias.*

- Procura substituír na medida do posíbel esta substancia por outra de menor risco.
- Se estás longos períodos de tempo exposto a este risco, fai revisións médicas periódicas dentro do programa de vixilancia da saúde.
- Sigue os procedementos de traballo implantados para evitar períodos prolongados de exposición.
- Asegúrate de que os lugares de traballo con este risco están correctamente sinalizados.
- Almacena e etiqueta os produtos de maneira adecuada.
- Recorda que debes controlar e xestionar os residuos dunha forma adecuada.
- Solicita información e formación sobre calquera tipo de substancia coa que poidas ter contacto e da que non teñas moi claras as características ou danos que poida causar.
- Lembra que podes consultar en calquera momento a lexislación vixente que regula este tipo de substancias e a súa clasificación como canceríxena ou mutaxénica segundo o Regulamento (CE) n.º 1272/2008.



---

## Riscos hixiánicos

---

### EXPOSICIÓN A AXENTES BIOLÓXICOS

---

*A industria farmacéutica manipula axentes biolóxicos para o desenvolvemento de novas vacinas e para a reprodución das xa existentes. Ten en conta as seguintes recomendacións:*

- Sigue o programa establecido de limpeza e desinfección.
- Mantén unha ventilación adecuada do lugar de traballo, natural ou forzada.
- Sé responsable co equipo de traballo e o xeito de facelo (non pipetees coa boca).
- Cubre os cortes e feridas con vendaxes impermeables.
- Realiza controis periódicos para detectar a presenza de fungos.
- Elimina os refugallos de maneira axeitada.
- De ser preciso, emprega equipos de protección individual, con marcado CE, adecuados ao risco.
- Mantén o teu posto de traballo limpo e ordenado.
- Non fumes, bebas ou comas no posto de traballo.



---

## EXPOSICIÓN AO RUÍDO

---

*Producido polo uso de equipos moi ruidosos, como centrifugadoras ou campás extractoras.*

- Para reducir o tempo de exposición ao ruído sigue as quendas de traballo indicadas.
- Revisa que as zonas de exposición a ruído estean sinalizadas.
- Utiliza os equipos de protección individual (EPI) con marcado CE, adecuados ao ruído ambiental, e mantenos en condicións adecuadas de uso.

## EXPOSICIÓN A RADIACIÓNS

---

*Traballar nun sector onde se usa a radiación para a esterilización de produtos farmacéuticos, transformación de compostos (polimerización) ou uso de equipos para a súa análise (infravermellos) pode producir danos na saúde que non son apreciábeis a simple vista e cuxos efectos poden chegar a ser permanentes se a exposición é excesiva e non se realizan os controis adecuados.*


- Asegúrate de que os equipos están debidamente illados e as zonas de risco están debidamente sinalizadas.
- Non entres na zona de exposición se non levas as proteccións adecuadas con marcado CE, (traxes antirradiación).
- Se estás longos períodos de tempo exposto a este risco, fai revisións médicas periódicas dentro do programa de vixilancia da saúde.
- Recorda que debes controlar e xestionar os residuos dunha forma adecuada.

## Riscos ergonómicos

Os riscos ergonómicos están asociados coas posturas e movementos que se realizan. Ten en conta o xeito no que se deben levantar as cargas pesadas e as medidas que se deben aplicar para reducir tensións musculares. Non realices movementos bruscos e forzados do corpo e procura cambiar de tarefa con frecuencia.

### MANIPULACIÓN MANUAL DE CARGAS


- Evita a manipulación de cargas pesadas (de máis de 25 kg no caso dos homes e de máis de 15 kg no caso das mulleres).
- Manipula as cargas con axuda de medios auxiliares (carretillas, transpalés) ou con axuda doutras persoas sempre que sexa posíbel.
- Evita xirar o tronco mentres manipulas as cargas.
- Sitúa os obxectos que vas manipular á altura comprendida entre os xeonllos e os ombros.
- Ao realizar a manipulación de cargas manualmente ten en conta os seguintes pasos que debes seguir:



#### PASOS QUE SE DEBEN SEGUIR:

- 1.º Apoia os pés firmemente.
- 2.º Separa os pés lixeiramente.
- 3.º Dobra os cadrís e os xeonllos para coller a carga.

- 
- 
- 4.º Levanta a carga coas costas rectas.  
5.º Mantén a carga tan cerca do corpo como sexa posíbel..



## FORZAS E MOVEMENTOS REPETITIVOS

---

- Utiliza as ferramentas de traballo con deseño adecuado para evitar posturas forzadas e sobreesforzos (mangos, alargadeiras, asentos regulábeis en altura).
- Realiza cambios de postura e descansos durante os traballos, cambiando de tarefa se é posíbel.
- Coloca as ferramentas e os medios para realizar o traballo ao alcance da man.

## TRABALLOS DE PÉ

---

- Mantén un pé apoiado sobre un obxecto ou repousapés para reducir a tensión muscular.
- Coloca o plano de traballo á altura aproximada dos cónbados en traballos que requiran precisión.
- Mantén o corpo ergueito e co tronco recto.
- Non permanezas demasiado tempo na mesma posición, cambia de postura e realiza movementos suaves de estirada dos músculos.

---

## Riscos psicosociais

---

*Unha mala planificación das tarefas que debes realizar, o estrés xerado por unha reunión ou visita importante ou a presión á que podes estar sometido para cumprir os obxectivos marcados son varios exemplos deste risco.*

Se estas condicións son deficitarias, poden dar lugar a:

- Estrés
- *Burnout*
- Acoso psicolóxico no traballo (APT)
- Violencia:
  - Acoso sexual
  - Acoso discriminatorio
  - Violencia ocupacional externa (VOE)

Unha avaliación e valoración das condicións de traballo permitirá implantar medidas preventivas adaptadas que eviten a aparición de riscos psicosociais.

- Planifica o tempo e as tarefas que debes realizar de maneira ordenada, e intenta cumprilo estritamente.
- Se non tes moi claros os obxectivos que debes acadar no posto de traballo, fala co teu responsábel para que te dirixa a uns máis concretos e definidos. Isto axudarache a planificar as tarefas, acadar os obxectivos e conseguir así unha promoción ou valoración laboral.
- Solicita información e/ou formación cando vexas que a necesitas para desenvolver as túas tarefas.
- Relaciónate cos teus compañeiros e apóiate neles falando sobre calquera tema que che preocupe ou che cause unha situación de estrés ou incomodidade no teu posto de traballo, sexa xerada polo teu responsábel, un cliente ou outro compañeiro. Sobre todo se ves que a situación é límite (acoso ou violencia).
- Non prolongues de xeito habitual a xornada de traballo e, en caso inevitabel, compénsaa cun descanso adicional. Así conseguirás conciliar a vida familiar, persoal e laboral.
- Realiza pausas ou cambia de tarefa para evitar a monotonía do traballo.





**Normativa**

## Normativa

A continuación preséntase unha relación non exhaustiva de normativa xeral e específica en materia de prevención de riscos laborais que se pode consultar como complemento á información contida neste manual.

### Normativa xeral

- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de **prevención de riscos laborais**. BOE n.º 269 do 10/11/1995
- Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o **Regulamento dos servizos de prevención**. BOE n.º 27 do 31/01/1997.

### Normativa específica

- Real decreto 485/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de **senalización de seguridade e saúde no traballo**. BOE n.º 97 do 23/04/1997
- Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos **lugares de traballo**. BOE n.º 97 do 23/04/1997
- Real decreto 487/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á **manipulación manual de cargas** que supoñan riscos, en particular dorsolumbares, para os traballadores. BOE n.º 97 do 23/04/1997
- Real decreto 488/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas ao traballo con equipos que inclúan **pantallas de visualización de datos**. BOE n.º 97 do 23/04/1997
- Real decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a **axentes biolóxicos** durante o traballo. BOE n.º 124 do 24/05/1997
- Real decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a **axentes canceríxenos** durante o traballo. BOE n.º 124 do 24/05/1997
- Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de **equipos de protección individual**. BOE n.º 140 do 12/06/1997

- Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos **equipos de traballo**. BOE n.º 188 do 07/08/1997
- Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas **obras de construción**. BOE n.º 256 do 25/10/1997
- Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos **axentes químicos** durante o traballo. BOE n.º 104 do 1/05/2001
- Real decreto 614/2001, do 8 de xuño, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico. BOE n.º 148 do 21/06/2001
- Real decreto 681/2003, do 12 de xuño, sobre a protección da saúde e da seguridade dos traballadores expostos aos riscos derivados de atmosferas explosivas no lugar de traballo. BOE n.º 145 do 18/06/2003
- Real decreto 1311/2005, do 4 de novembro, sobre a protección da saúde e da seguridade dos traballadores fronte aos riscos derivados ou que poidan derivarse da **exposición a vibracións** mecánicas. BOE n.º 265 do 05/11/2005
- Real decreto 286/2006, do 10 de marzo, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao **ruído**. BOE n.º 60 do 11/03/2006
- Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao **amianto**. BOE n.º 86 do 11/04/2006
- Real decreto 486/2010, do 23 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a **radiacións ópticas** artificiais. BOE n.º 99 do 24/04/2010
- Real decreto 299/2016, do 22 de xullo, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a **campos electromagnéticos**. BOE n.º 182 do 29/07/2016

Máis normativa dispoñíbel na web do INSHT:

<http://www.insht.es>



**INSTITUTO NACIONAL  
DE SEGURIDAD E HIGIENE  
EN EL TRABAJO**

